

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 2 DE MARZO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 11:40 horas do día 2 de marzo de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 28 de febreiro de 2018, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D^a. M^a Jesús Lago Rey (asiste as puntos 2, 7, 8a, 9a e 10a)
D. Javier Pardo Espiñeira (asiste aos puntos 8b, 8c, 9b e 9c)

Vocais: D. Pablo Olmos Pita
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. Benjamín Collazo Domínguez (asiste aos puntos 7, 8a, 9a e 10)
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 7, 8a, 8b, 9a, 9b e 10)
D. Antonio Villanueva Guimeráns (asiste aos puntos 8c e 9c)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 22 de febreiro de 2018

Retírase por falta de quórum.

b) Acta da sesión do 26 de febreiro de 2018

Retírase por falta de quórum.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (3.725-321)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A “Documentación persoal”. Tras a súa cualificación, a



Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. SALZILLO SERVICIOS INTEGRALES, S.L.U.
 2. UTE PONTE DAS DONAS, S.L. e ARESTORA CONSULTORES, S.L. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)
 3. MANPOWER BUSINESS SOLUTIONS, S.L.U.
 4. LIMPIADORES ESPECIALISTAS INTEGRADOS DE SERVICIOS Y MANTENIMIENTO INTEGRAL, S.L.
 5. MANTELNOR OUTSOURCING, S.L.
 6. ATLAS SERVICIOS EMPRESARIALES, S.A.
 7. RANDSTAD PROJECT SERVICES, S.L.U.
 8. UTE INTEGRA MXSI CEE GALICIA, S.L. e INTEGRA MGSÍ CEE, S.L. (porcentaxe de participación na UTE 805-20%, respectivamente)
 9. ACCIONA FACILITY SERVICES, S.A.
 10. DIMOBA SERVICIOS, S.L.
 11. EXTERNA SERVICIOS GENERALES DE EMPRESA, S.L.
 12. SERVENTIA SERVICIOS INTEGRALES, S.L.
 13. EULEN CEE, S.A.
- b) Outorgar un prazo de tres días hábiles ao seguinte licitador para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido polo prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:
1. SERVICIOS SECURITAS, S.A. (a sinatura da documentación presentada no sobre A non é válida. Segundo a cláusula 13.1 do prego de cláusulas administrativas particulares "A documentación dos sobres A e C poderá presentarse en papel ou en formato dixital". Se se opta por presentar a documentación en formato dixital, deberá ser asinada dixitalmente).

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (3.725-321)

Non se trata porque a Mesa acordou no punto anterior conceder un prazo a SERVICIOS SECURITAS, S.A. para que poida emendar a documentación persoal.

7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza pública viaria, recollida e transporte dos residuos domésticos da Cidade de Vigo (6.619-252) (lotes 2 e 3)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que, en cumprimento do acordado na sesión do 19 de febreiro de 2018, na mesma data se iniciou o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos seguintes licitadores:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:20	Páxina 2 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAE43-C1D43D-4D5956-7H27BA-WET65V-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- Lote 2:

➤ UTE ACCIONA SERVICIOS URBANOS, S.R.L. - CIVIS GLOBAL, S.L.U.

- Lote 3:

➤ FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A.

➤ ALTHENIA, S.L.

Debido a un problema na recepción da notificación, con data do 20 de febreiro reiterouse o requirimento con ALTHENIA, S.L.

Durante o prazo concedido, presentaron documentación os seguintes licitadores:

1. UTE ACCIONA SERVICIOS URBANOS, S.R.L. - CIVIS GLOBAL, S.L.U. (Lote 2)
2. FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. (Lote 3)

Non presentou documentación en prazo ALTHENIA, S.L.

Da documentación anterior deuse traslado ao responsable do contrato.

O 28 de febreiro de 2018 o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe da Área de Investimentos, o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos-xefe do Servizo de Vías e Obras e o xefe do Servizo de Limpeza emitiron informe sobre as xustificacións presentadas, no que se indica:

- Respecto da xustificación da UTE ACCIONA SERVICIOS URBANOS, S.R.L. - CIVIS GLOBAL, S.L.U. (Lote 2) *"pódese concluír que non se cumpren os requisitos establecidos no artigo 152 do TRLCSP para considerar xustificada a baixa anormal ou desproporcionada e que coa oferta realizada poida cumprir o contrato"*.
- Respecto da xustificación de FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. (Lote 3) *"pódese concluír que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 152 do TRLCSP para considerar xustificada a baixa anormal ou desproporcionada e que coa oferta realizada poida cumprir o contrato"*.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento dos licitadores que deseguido se relacionan, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas :

1. UTE ACCIONA SERVICIOS URBANOS, S.R.L. - CIVIS GLOBAL, S.L.U. (Lote 2)
2. ALTHENIA, S.L. (Lote 3)

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:20	Páxina 3 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAE43-C1D43D-4D5956-7H27BA-WET65V-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza pública viaria, recollida e transporte dos residuos domésticos da Cidade de Vigo (6.619-252) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe da Área de Investimentos, o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos-xefe do Servizo de Vías e Obras e o xefe do Servizo de Limpeza de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Colombia (4.887-440) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira industrial de Vías e Obras e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos-xefe do Servizo de Vías de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*.

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro de monitores e estacións de traballo (8.364-113) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 27 de febreiro de 2018 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza pública viaria, recollida e transporte dos residuos domésticos da Cidade de Vigo (6.619-252)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe da Área de Investimentos, o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos-xefe do Servizo de Vías e Obras e o xefe do Servizo de Limpeza de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Colombia (4.887-440)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe da Área de Investimentos, o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos-xefe do Servizo de Vías de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*.

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro de monitores e estacións de traballo (8.364-113)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 27 de febreiro de 2018 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:20	Páxina 4 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAE43-C1D43D-4D5956-7H27BA-WET65V-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza pública viaria, recollida e transporte dos residuos domésticos da Cidade de Vigo (6.619-252)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das seguintes exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo:

- Na sesión do 1 de febreiro de 2018: GENERAL DE ASFALTOS Y SERVICIOS S.L. (lote 3) por non superar o umbral previsto no apartado 8.A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Na sesión do 19 de febreiro de 2018, polo motivo previsto na cláusula 13.5C do prego de cláusulas administrativas particulares (“Comportase erro manifesto no importe da proposición”):
 1. FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. (lote 1)
 2. UTE CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S.A. COPASA - GESECO (lote 2)
 3. ALTHENIA, S.L. (lote 2)
 4. UTE CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S.A. COPASA - GESECO (lote 3)

Segundo.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe da Área de Investimentos, o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos-xefe do Servizo de Vías e Obras e o xefe do Servizo de Limpeza o 28 de febreiro de 2018:

1. UTE ACCIONA SERVICIOS URBANOS, S.R.L. - CIVIS GLOBAL, S.L.U. (lote 2)
2. ALTHENIA, S.L. (lote 3)

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza pública viaria, recollida e transporte dos residuos domésticos da Cidade de Vigo (6.619-252) na seguinte orde descendente:

LOTE Nº 1

	Licitadores	Puntuación
1	CONTENUR, S.L.	97,47



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:20	Páxina 5 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAE43-C1D43D-4D5956-7H27BA-WET65V-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2	UTE CESPA CIA. ESPAÑOLA DE SERVICIOS PÚBLICOS AUXILIARES, S.A. - URBASER, S.A.	83,57
3	VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A.	77,95

LOTE Nº 2

	Licitadores	Puntuación
1	FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A.	98,80
2	UTE CESPA CIA. ESPAÑOLA DE SERVICIOS PÚBLICOS AUXILIARES, S.A. - URBASER, S.A.	90,12
3	VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A.	82,49

LOTE Nº 3

	Licitadores	Puntuación
1	FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A.	98,88
2	UTE CESPA CIA. ESPAÑOLA DE SERVICIOS PÚBLICOS AUXILIARES, S.A. - URBASER, S.A.	87,12
3	VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A.	81,64

Cuarto.- Requerir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, CONTENUR, S.L. (lote 1) e FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. (lotes 2 e 3), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía complementaria do 5% do importe de adxudicación sen IVE, esixible unicamente a FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. respecto do lote 3 polo motivo previsto no apartado 10B do Anexo I -FEC- do PCAP (*"cando a oferta adxudicada, tivese sido cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente"*)

Quinto.- Requerir aos citados licitadores o aboamento de 2.209,45 euros (736,48 euros por cada lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:20	Páxina 6 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAE43-C1D43D-4D5956-7H27BA-WET65V-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		